

O COMENTARIO DE TEXTO

1. Que é un comentario de texto

Un comentario de texto adoita consistir na lectura do texto co obxecto de captar o seu significado, analízalo e expor, nunha redacción estruturada e coherente, a explicación do seu contido.

Comprender ou aprehender un texto –e isto é válido para calquera texto, mesmo os non filosóficos– significa entender as ideas expresadas nel polo autor, relacionar estas ideas cos coñecementos que xa temos, e ser capaces de xerar unha opinión ao respecto.

Ao lermos un texto decatámonos de que na nosa comprensión deste interveñen varios factores. O primeiro é a capacidade lectora que teñamos, fundamentada en dúas habelencias: a axilidade no acto de ler e o grao de comprensión do vocabulario que posuamos. Se carecemos da primeira habelencia, deberemos solucionalo canto antes practicando a lectura en xeral. Se carecemos da segunda, deberemos utilizar o dicionario para clarexar todos os termos que non coñezamos a fin de nos asegurar de que comprendemos o texto.

O segundo factor que intervéñe no proceso está constituído polos coñecementos que posuamos respecto do autor do fragmento, do problema ou tema presentado e tamén sobre outros autores que teñen relación con el, aínda que non expresen a mesma opinión.

O exercicio de comentar un texto é unha actividade de precisión terminolóxica e explicativa; obríganos a recoñecer o significado do que se di no texto e a pór en claro os termos empregados, servíndonos para esta tarefa de todos os coñecementos teóricos de que dispoñamos, dándolles o sentido preciso que teñen na obra do autor. Este tipo de exercicio é, ademais, unha proba de madurez persoal, porque permite integrar nunha unidade todos aqueles coñecementos, vivencias e opinións que poidan resultar significativas á luz do texto.

2. Criterios para realizar o comentario

Aínda que o comentario dun texto sempre expresará a comprensión que cada un chega a ter do seu contido e a capacidade e estilo de explicación e

redacción persoais, semella claro que calquera comentario rigoroso terá que captar e referirse a determinados elementos e aspectos que parecen esenciais para a intelixibilidade dun texto. Neste sentido, debemos ter presentes os criterios de avaliación propostos polo Seminario de Filosofía que coordina as probas de acceso á universidade:

- 1) Análise estrutural:
 - Idea principal.
 - Ideas secundarias.
 - Articulación no texto.
- 2) Análise semántica: Conceptos fundamentais (significado que teñen no autor do texto).
- 3) Explicación: Tese e argumentación desta (posibilidade de crítica tanto formal como de contidos).
- 4) Contextualización: Na obra do autor e mais na problemática xeral filosófica.

Recollendo esta proposta e tendo presente que a propia circular da universidade di literalmente que «este modelo debe tomarse só a título orientativo», e que «se respecta a máxima liberdade para escoller o modelo que se estime máis axeitado para o comentario dun texto filosófico, sempre dentro do rigor do pensamento», presentamos aquí un modelo de comentario de texto que se axustará, no esencial, a esta proposta da coordinación da universidade, pero coa dose de flexibilidade e liberdade que a propia proposta oficial recomenda.

3. Metodoloxía

Consideramos que a realización dun comentario de textos comprende as seguintes fases:

1	LECTURA DO TEXTO	LECTURA RÁPIDA LECTURA COMPRENSIVA
2	ELABORACIÓN DUN ESQUEMA INTERPRETATIVO	ANÁLISE DO TEXTO ESQUEMA DE IDEAS VALORACIÓN E CRÍTICA
3	REDACCIÓN DO COMENTARIO	

3.1. Lectura comprensiva do texto

Despois dunha primeira lectura rápida, que nos proporciona unha visión de conxunto do contido do texto, e antes de pórmonos a redactar o comentario, debémonos asegurar de que comprendemos ben o texto. Por iso, o comentario debe comezar cunha **lectura**, acompañada de certas técnicas da lectura comprensiva, como a do **subliñado**, a das **notas á marxe** ou a dos **esquemas**, que nos permitan precisar:

- a) O **tema** ou **idea principal**, isto é, o problema filosófico sobre o que versa o texto. Unha técnica para decidirse na súa identificación é a de supor que llo tes que «apuntar» ao teu compañeiro de clase.
- b) As **teses principais**, é dicir, as posturas que defende o autor.
- c) A **estructura do texto**, dividíndoo en partes.
- d) Os **conceptos filosóficos** máis relevantes.

3.2. Elaboración do esquema interpretativo

Despois da lectura comprensiva e antes de comezar a redactar, pode resultar moi eficaz para a precisión do comentario, a elaboración dun esquema que, formulado cun carácter flexible e dentro dunha perspectiva funcional, pode incluír os seguintes elementos:

- a) Expresión escrita do **tema**, ou **idea principal**, do texto.
- b) Resumo/esquema que capte a organización e interrelación das **ideas** que definen cada unha das partes en que dividimos o texto, explicitando as ideas –**ideas complementarias**– que nós coñecemos da filosofía do autor (ou dos autores ou correntes) e que utilizaremos no comentario para **explicar** e **completar** todas as ideas do texto.
- c) Escribir a **tese** ou **teses** que o autor defende no texto, intentando precisar como argumenta o autor a defensa destas. Isto tamén se pode facer en conexión coa identificación das ideas do texto.
- d) Escribir os **conceptos** filosóficos (ou, polo menos, subliñalos no texto) que deben ser precisados e interpretados no transcurso do comentario. Tamén poden indicarse aqueles conceptos que, aínda que non aparecen no texto, terán que ser utilizados para demostrar unha boa comprensión e explicación do fragmento (**conceptos complementarios**).
- e) Indicar brevemente como se contextualiza o fragmento na obra do autor e na historia da filosofía, así como a valoración crítica do texto e do seu autor.

3.3. Redacción do comentario

Tendo diante o esquema, como axuda para ter identificados os principais elementos do texto, e como guía que nos garanta unha certa orde e coherencia no comentario, debe abordarse a **redacción do comentario do texto**, atendendo ás seguintes recomendacións:

- a) Debe ter unha **redacción sinxela**, clara e organizada.
- b) Debe demostrar **comprensión** do texto e presentar unha **explicación** adecuada do seu contido.
- c) Debe ter un **carácter persoal e fluído**.
- d) Deben utilizarse **recursos de comentario**: citas, conexións contextualizadas, referencias bibliográficas...
- e) Lembra que:
 - Deberá redactarse o comentario coma se este fose ser lido por alguén que non tivese coñecemento ningún do tema e, polo tanto, non se debe dar nada por sobreentendido.
 - Deberemos, así mesmo, evitar parafrasear o texto e dar rodeos innecesarios sen explicalo. Estas prácticas dan a impresión de que non se sabe de que se está a falar.
 - Non deberá tomarse como cuestión relacionada co texto calquera coñecemento aprendido sobre o autor, senón só aqueles que garden relación co tema do texto e axuden a explicalo ou a ampliar a súa comprensión.

EXEMPLIFICACIÓNS

Propomos a continuación algunhas exemplificacións de comentario de texto. Aínda que nalgún caso aparecen exemplificados os tres momentos sinalados no apartado da metodoloxía, en xeral atenderase só á redacción do comentario, por ser este o resultado final de todo o proceso e o único que se ten que presentar para ser avaliado. Presentamos varios comentarios feitos polo profesorado e polo alumnado, con diversidade de enfoques e estilos, coa pretensión de evidenciar que non existe un único modelo de comentario e que a mesma natureza do comentario de texto esixe unha reinterpretación persoal non xeneralizable.

EXEMPLIFICACIÓN DUN COMENTARIO DE TEXTO DE PLATÓN

Texto

—Agora, meu querido Glaucón —continúei—, esta figuración debe ser aplicada punto por punto ao denantes dito; hai que comparar o ámbito do que se manifesta á vista coa morada-prisión, a luz do lume que hai nela co poder do sol; e, se comparas a subida arriba e a contemplación do que alí hai coa ascensión da alma ao ámbito intelixible, non defraudarás a miña expectativa, que é polo que estás desexoso de escoitarme. Deus sabe, quizais, se isto é verdade. En calquera caso, o que a min me parece é isto: no intelixible o último que se ve, e con traballo, é a idea do Ben; pero unha vez percibida, hai que concluír que ela é como a causa de todo o recto e belo de todas as cousas, que no mundo visible xerou a luz e o seu señor, mentres que no intelixible ela é a soberana, productora da verdade e da intelixencia, e que teñ que poñer os ollos nela quen, tanto privada como publicamente, queira proceder de forma sabia.

PLATÓN, *A República*, L. VII

1. Lectura comprensiva

- 1) **Tema:** Alegoría da caverna: os dous mundos e a primacía do Ben.

Complementarios { *doxa – episteme*
eros – noesis
dialéctica - recordo
xustiza como harmonía

5) Explicación contextualizada

1ª parte: Comparación dos dous mundos

- Platón pretende superar, como o seu mestre Sócrates, o relativismo e escepticismo sofistas e as constitucións irixustas do seu tempo.
- Para iso quere organizar a República xusta dende o coñecemento das Ideas, sobre todo, da idea do Ben.
- Analiza e compara os «dous mundos»: o mundo sensible (cambiante como o que describe Heráclito) e o mundo intelixible (permanente e estable como o Ser de Parménides).
- Establecendo un paralelismo entre o dualismo ontolóxico e o dualismo epistemolóxico, considera que o verdadeiro saber ten que versar sobre o estable, é dicir, sobre as Ideas.

2ª parte: Necesidade do ascenso cara á idea do Ben (dialéctica)

- A alma pertence ao mundo das ideas e debe ascender á contemplación («recordo») destas para entender e organizar o mundo sensible.
- A dificultade do ascenso esixe amor (*eros*) á verdade e ao Ben e esforzo cognoscitivo (educación cara á *noesis*) para chegar á súa contemplación.
- As ideas están organizadas xerarquicamente e rematan na idea do Ben, que é causa de todo.

3ª parte: Consecuencias ético-políticas

- O home sabio será aquel que coñece (*noesis*) e ama (*eros*) o mundo intelixible e a idea do Ben.
- O home sabio organiza harmonicamente (con xustiza) as partes que o compoñen.
- O home sabio é quen ten que organizar e dirixir harmonicamente (con xustiza) a sociedade = finalidade da República.

3. Redacción do comentario

Para contextualizar este texto digamos que pertence a unha obra da época de madurez do autor: *A República* e que o tema principal é o de contestar a cuestión de ¿que é unha sociedade xusta? Como todas as obras de Platón ata este período ten un desenvolvemento dialogado. Neste caso, o diálogo transcorre entre Sócrates e uns amigos seus que non coñecen ben a teoría das formas, e por iso Sócrates axúdase do mito da caverna cando quere contestar que unha cidade será xusta cando estea gobernada por un filósofo.

Procedendo xa co comentario, direi que neste texto se trata primordialmente de establecer a teoría dos dous mundos e demostrar a supremacía do mundo intelixible. Comeza o parágrafo comparando os dous mundos cun criterio epistemolóxico: dun lado o mundo que se «manifesta á vista», o mundo sensible, cambiante, do que só cabe ter Opinión (*doxa*); doutro lado, o mundo que se manifesta na «ascensión da alma ao ámbito intelixible», que chama mundo das ideas ou esencia: da verdadeira realidade, porque é inmutable, dos modelos que nos proporcionan coñecemento verdadeiro, que el chama Ciencia (*episteme*).

Sen embargo, a pesar de como sexan de diferentes os dous mundos (diferencia ontolóxica), Platón, neste parágrafo, establece que entre ambos os dous mundos habería, en todo caso, unha relación de causalidade entre a idea que se coñece en derradeiro lugar e «con dificultade»: a Idea do Ben, e todas as demais, sexan do ámbito intelixible ou do visible.

Pero, aínda así, no mesmo texto, a comparación alude á luz do lume que hai na cova como única iluminación que proxecta na parede as figuras que os homes alí atados ven como única cousa no mundo. As cousas que eles ven dependen doutras que lles serven de modelo, polo que Platón tamén afirma que entre os dous mundos hai unha relación como a que hai entre un modelo e unha copia. Para acabar o tema da relación entre os mundos, noutros diálogos, Platón explícaa por medio da metáfora da participación: as cousas do mundo sensible participan das ideas no sentido de que en parte son as ideas.

Paso, agora, a outro tema que se trata no parágrafo, o da ascensión da alma. Este tema exprésase directamenete no mito cando un dos homes alí atados consegue fuxir e despois de superar moitos obstáculos (alusión á dificultade do proceso de coñecemento) sae e observa o sol, señor da luz e produto de toda verdade.

Por medio das alusións a este proceso ascensional cara ao sol no mito da caverna, Platón estase referindo á súa idea de dialéctica. A dialéctica, polo tanto, pode ser entendida como un método polo que a alma unha vez que se separa do corpo, ao que está unido de forma antinatural xa que o seu lugar é o mundo das ideas, inicia un proceso lento de ascensión cara ao mundo inte-

lixible, deixando atrás todo o confuso, irreal e falso que hai no mundo sensible. De modo que cada vez achégase máis á verdadeira realidade: ao mundo intelixible, ata acadar o seu obxectivo que é poder contemplar a idea suprema que é a idea de ben.

Como se di no texto esta idea é a máis difícil de alcanzar no intelixible, debido a que na xerarquía das ideas esta é a máis importante de todas.

Por este motivo a idea de ben é a causa de todo o existente. Por iso, o home que coñeza as ideas (o filósofo) ocupará entre os homes o mesmo lugar que o ben entre as ideas, porque terá demostrado a fortaleza da súa virtude e a verdade dos seus coñecementos.

Coa alusión á vida pública e privada, Platón argumenta, contra os sofistas, a súa idea de que o filósofo é quen pode darlle xustiza á cidade. Eles posúen unha alma purificada, actúan en harmonía coa natureza da súa virtude, a da prudencia, que é a virtude necesaria para que os gobernantes asenten a xustiza na cidade. E por iso a cidade tamén pode ser ordenada consonte coas virtudes dos cidadáns, porque dispón da virtude necesaria para harmonizar a dos produtores (moderación) e a dos defensores (valor) entre si.

Ao tempo que el-Rei filósofo ordena a cidade, cada individuo alcanzará o seu equilibrio psíquico porque sempre fará o que é mellor para a súa natureza e, como consecuencia, os tres estamentos da cidade chegarán a unha convivencia harmónica, isto é, xusta.

EXEMPLIFICACIÓN DUN COMENTARIO DE TEXTO DE ARISTÓTELES

Texto

Se a felicidade é unha actividade conforme á virtude, é razoable que sexa conforme á virtude máis excelente, e esta será a virtude do mellor que hai no home. Sexa, pois, o entendemento ou sexa algunha outra cousa o que por natureza parece mandar e dirixir e posuír intelección das cousas fermosas e divinas, sendo divino isto mesmo ou o máis divino que hai en nós, a súa actividade de acordo coa virtude que lle é propia é a felicidade perfecta. Que é unha actividade contemplativa, xa o dixemos.

Isto parece estar de acordo co que antes dixemos e coa verdade. En efecto, esta actividade é a máis excelente (pois tamén o é o entendemento entre todo o que hai en nós, e entre as cousas cognoscibles, as que son obxecto do entendemento); ademais, é a máis continua, pois podemos contemplar continuamente máis que facer calquera outra cousa. E pensamos que o pracer debe encontrarse mesturado na felicidade, e na actividade que se refire á sabedoría é, de común acordo, a máis agradable das actividades conforme á virtude; considérase, ao menos, que a filosofía encerra praceres admirables pola súa pureza e pola súa firmeza, e é lóxico que a existencia dos que saben sexa máis agradable que a dos que buscan. [...]

O que é propio de cada un por natureza é tamén o máis excelente e o máis agradable para cada un; para o home serao, polo tanto, a vida conforme á mente, xa que iso é primariamente o home. Esta vida será tamén, por conseguinte, a máis feliz.

ARISTÓTELES, *Ética a Nicómaco*, l.10, 7, 1095^a,
Centro de Estudios Constitucionales, Madrid,
1985, pp. 166-167

1. Esquema do texto

1ª Parte:

- Definición de felicidade: **actividade conforme á virtude máis excelente.**
- Definición de excelencia: **a virtude do mellor que hai no home. (entendemento que posúe intelección das cousas fermosas e divinas).**
- Definición de actividade do entendemento: **contemplación, felicidade perfecta.**

2ª Parte:

- Paralelismo do anterior coa verdade: retómase o punto de partida: **actividade máis excelente: a producida polo entendemento.**
- Característica da contemplación: **a continuidade.**
- Definición do pracer: algo que está **mesturado na felicidade, forma parte dela. Está nela.**
- Retómase: actividade referida á sabedoría: a máis excelsa. **Tamén a máis agradable.**
- Filosofía: produto da actividade contemplativa da sabedoría. **É pracenteira. Pola pureza e firmeza.**
- Conclusión: os máis sabios como os máis felices.

3ª Parte:

- Xustificación do anterior: **o propio por natureza é o máis excelente e o máis agradable.**
- No home: **a vida conforme á mente. A máis feliz.**

2. Comentario

Este texto pertence ao tratado aristotélico titulado *Ética a Nicómaco*, quizais a obra máis coherente, sistemática e a de máis fácil lectura. Nesta obra Aristóteles propónse unha investigación sobre a ética e distánciase da concepción que tiña tanto o seu mestre Platón, para quen a ética era unha ciencia exacta e tomaba como modelo a matemática, namentres que para Aristóteles van ser a medicina e a política os modelos para esta disciplina, como da que tiñan os sofistas, para eles o ben e o mal derivaban dunha convención e eran relativos. Para o noso autor isto non é así, aínda que recoñece que tampouco poden darse neste campo probas absolutas, xa que tratan de cousas singulares, achega unha nova concepción da ética.

Outra característica que cómpre destacar nesta obra é a metodoloxía que o autor emprega para a súa investigación, unha metodoloxía empírica, parte do estudio dos seres humanos tal e como son, non de esquemas ideais nin elucubracións utópicas (como fora o punto de partida platónico), o cal o leva a facer unha ~~ética~~ **ética** menos prescritiva que a do seu mestre e moito máis descritiva. A súa metodoloxía parte do sentido común, un sentido común ao que lle fai pasar por unha serie de probas de argumentación, un sentido común ao que non lle admite ningún resultado sen unha análise exhaustiva e desmiuzada.

A investigación que o guía ten un claro obxectivo, a saber: en que consiste o máis alto ben do home, a felicidade, definición na que todos están de acor-

do. O autor ten que dar unha resposta á pregunta: ¿en que consiste a felicidade?, e é precisamente esta a cuestión fundamental do texto, para el «é unha actividade conforme á virtude máis excelente». Previamente á resposta desta cuestión Aristóteles desentraña coa súa metodoloxía o que é o ben. O ben ten relación co fin que persegue: a felicidade (aquí podemos ver unha consecuencia da súa formulación teleolóxica), a felicidade no texto vén definida como unha actividade, a actividade contemplativa, que é contina e pracenteira, (obtéñ da propia continuidade o pracer), que consiste no exercicio do entendemento que recae nos obxectos máis fermosos e divinos, que levaría á intelcción, ao máis excelso dos saberes: a sabedoría, e a ciencia sobre a que versa esta: a filosofía. Todo isto desde a teoría da excelencia, a excelencia dun home consiste en que viva de acordo coa súa natureza, e no ser humano é a vida conforme á mente, á razón (que é o que fai que sexa un home, a súa esencia), así chegaría á plenitude, isto é, o desenvolvemento desta léva o á felicidade.

Outra idea que destaca no texto é a de que son máis felices «os que saben que os que buscan», e esta idea ten que ser contextualizada na súa defensa de que aínda que todos os homes poden ser felices, non todos poden selo no mesmo grao, senón que este é correlativo á función que desenvolven, habería polo tanto unha estratificación e xerarquización da felicidade e por ende dos homes. Tamén nesta parte defende que a filosofía é o saber que máis felicidade e máis pracer encerra pola súa firmeza e pureza, é dicir, o autor tamén fai un paralelismo coa epistemoloxía, a filosofía como algo incontaminado (neste caso con respecto á acción) e firme por ocuparse dos primeiros principios e do ente en canto ente, e da primeira causa ou motor en canto motor inmóbil (teoloxía). Curioso paralelismo o que sae desde a ética, volve aparecer o ideal da inmovilidade ao igual que aparecía na súa física, ontoloxía e teoloxía.

Desde o texto vemos que a argumentación desta teoría descansa na súa proposta ética, na súa teoría acerca das virtudes, consideramos que hai que enunciar brevemente a teoría das virtudes de Aristóteles. Parte de que hai dous tipos de virtudes. As primeiras son as chamadas morais, das que todos participan, pero non todos da mesma maneira (as mulleres, por exemplo, carecen da facultade deliberativa); cada quen participará segundo a súa función. Di que son as orixinadas no costume, no hábito, nunha disposición que implica elección e ao final léva o ao enunciado do termo medio, entre o exceso e o defecto, non como algo absoluto, senón como algo relativo a cada home en particular.

O segundo tipo de virtudes son as dianoéticas ou intelectuais. Preséntaa en relación á teoría anterior, di que o termo medio é o rexido pola recta razón, e nesta están as virtudes intelectuais; enuncia como a máis excelente a contemplación, como encontramos no texto.

No último parágrafo encontramos a base de toda a argumentación do texto. A súa defensa da actividade que se refire á sabedoría, que é a filosofía

como camiño que nos leva á felicidade, vén da súa concepción da natureza do ser humano, do que o home é por natureza, de que o máis excelente é aquilo que é propio por natureza, e no ser humano é a vida conforme á mente. Para concluír, o autor formula a función racional como a máis perfecta, fusionando nesta idea ética, teoloxía e psicoloxía.

Destaca neste texto a maneira de apareceren articuladas as ideas nel, a articulación está feita desde a aplicación dun razoamento deductivo que vai recollendo en forma de bucle os enunciados anteriores e que descansa nunha idea que aparece ao final como conclusión de todo o anterior e ao mesmo tempo como punto de partida dun ulterior desenvolvemento.

Convén tamén comentar como en Aristóteles a ética está indisolublemente unida á política, e, como ao igual que na ética aparece unha estratificación no gozo da felicidade, na política tamén aparece unha estratificación social, xa que parte do modelo de proporcionalidade en base ao desenvolvemento das actividades que por clase se levan a cabo nunha polis. Ao mesmo tempo que fai un esforzo por facer unha ética á medida dos seres humanos, nos seus desenvolvementos políticos intentaría facer o mesmo.

EXEMPLIFICACIÓN DUN COMENTARIO DE TEXTO DE ARISTÓTELES

Texto

Chámase causa, nun primeiro sentido, a materia inmanente da que algo se fai; por exemplo, o bronce é causa da estatua, e a prata, da copa, e tamén os xéneros destas cousas. Noutro sentido, é causa a especie e o modelo; e este é o enunciado da esencia e os seus xéneros (por exemplo, da oitava musical, a relación de dous a un, e, en suma, o número) e as partes que hai no enunciado. Ademais, aquilo de onde procede o principio do cambio ou da quietude; por exemplo, quen aconsellou é causa da acción, e o pai é causa do fillo, e, en suma, o axente, do que é feito, e o que produce o cambio, do que o sofre. Ademais, o que é coma o fin; e isto é aquilo para o que algo se fai, por exemplo, do pasear é causa a saúde. ¿Por que, en efecto, para que se pasea? Dicimos: para estar san. E tendo dito así, cremos ter dado coa causa.

ARISTÓTELES, *Metafísica*, V, 2

1. Análise estrutural

- **Idea principal:** O texto enuncia os distintos tipos de causas.
- **Ideas secundarias:**
 - Causa material: a materia co que se fai algo
 - Causa formal: o aspecto específico de algo
 - Causa eficiente: o principio que xenera todo cambio
 - Causa final: aquilo para o que algo se fai

2. Análise semántica

- **Materia.** A materia é «aquilo do que está feito algo». Por exemplo, unha mesa está feita de madeira. Aristóteles considera que todas as substancias están feitas de materia e forma (Teoría hilemórfica).
- **Esencia.** Aristóteles defínea como «aquilo que unha cousa é».
- **Cambio.** Para este autor o cambio ou movemento é o pase dun estado ou modo de ser a outro.

3. Explicación

Neste fragmento Aristóteles dá conta dos distintos tipos de causas. Unha causa é aquilo que responde ao ¿por que sucede algo? É este un tema central

da Filosofía do estaxirita, pois lle permite explicar o movemento. Aristóteles define os seres naturais, que son o obxecto do que se ocupa a Física, como aqueles que teñen un principio de movemento ou cambio. Por outra banda, considera que o coñecemento científico é o coñecemento polas causas. Así, se queremos coñecer cientificamente como son os seres naturais, deberemos coñecer as súas causas, como elemento dinámico de todo ser.

Afirma que existen catro tipos diferentes de causas, ou catro maneiras de falar da causalidade. En primeiro lugar existe o que se chama causa material. A materia é aquilo co que está feito algo, «por exemplo o bronce é a causa da estatua». Outro tipo será a causa formal. A forma defínea Aristóteles noutro lugar como «o que fai que algo sexa aquilo que é». É por iso que fala da causa formal como «a especie e o modelo». A especie –por exemplo, o ser humano– determina como é o individuo –por exemplo, unha muller concreta–.

Estes dous tipos de causas poden comprenderse mellor se os contemplamos á luz da teoría hilemórfica. Aristóteles considera que todos os seres están compostos de materia e forma. Nunha mesa, por exemplo, a materia será a madeira e a forma aquilo que fai que sexa unha mesa –e non unha porta, p. ex.–. Mesa e porta están formadas por unha mesma materia pero distinta forma, e iso faíñas distintas. A estas concepcións son ás que se está a referir Aristóteles ao falar de causa material e formal. E por iso o fragmento fala de «materia inmanente», pois é un elemento propio de todo ser. Calquera destes dous tipos de causas proceden do interior do ser ou obxecto, e por iso se di que son inmanentes ou intrínsecas. Logo, un ser cambia gracias á posibilidade da materia (pois nela é onde se produce o cambio) de recibir novas formas (o aspecto específico que presenta un ser logo do cambio. Pensemos nun bloque de mármore que cambia ao imprimirlle a forma do que agora é unha estatua).

Pero para que se produza o movemento non abonda coas causas intrínsecas, non se adopta unha nova forma se non hai algo que inicie o cambio: este será considerado a causa eficiente, o «axente de onde procede o principio do cambio». O que fundamenta este tipo é o postulado aristotélico de que «o que se move é sempre movido por outro» que pon en marcha o proceso. Por exemplo, no caso da estatua será o escultor, ou «o pai é causa do fillo».

E resta o último tipo de causa: a causa final, «aquilo para o que algo se fai». É o obxectivo cara o que tende o proceso de cambio, a actualización ou realización efectiva da modificación. Por exemplo, «do pasear é causa a saúde» ou a finalidade da estatua é servir de adorno nunha praza. A causa final baséase na concepción teleolóxica do universo que mantén o autor. Para Aristóteles existe unha finalidade en todos os seres de xeito que hai unha tendencia natural a acadar a realización máis perfecta da súa forma (*telos* significa «fin» en grego). É por iso que en todo proceso de cambio haberá unha causa final.

4. Contextualización

O problema das causas é, para Aristóteles, un dos problemas centrais do estudio da Física e será recollido tamén na Metafísica e na Lóxica. Dos catro tipos que o autor distingue, daralle unha importancia especial á causalidade final, que el considera unha das súas grandes achegas á Filosofía. De feito, no Libro I da *Metafísica*, o estaxirita fará un repaso ás teorías «dos que filosofaron antes ca nós» para descubrir se na Historia da Filosofía xa se atoparan todos os xéneros de causas. E chega á conclusión de que, dun xeito ou doutro, xa se falara da causa material, da formal e da eficiente, pero non da final.

Mediante o estudio das causas, xunto coas concepcións da potencia e o acto, os tipos de cambios... Aristóteles consegue explicar o problema do movemento que desde os tempos de Parménides e Heráclito preocupara de forma central aos filósofos gregos.